

Suxestión dirixida ao Concello de Tomiño para que revise con urxencia o funcionamento do Pazo Mosteiro tanto no relativo ao seu horario como nos ruídos que xera, que non deberan permitirse; que intensifique os controis e inspeccións e que se despois de verificados os anteriores aspectos continuaran as molestias por ruídos procedentes dese pazo, cumpra a súa obriga de comprobar tales circunstancias e no seu caso as corrixa, se é preciso coas sancións que correspondan e adoptando as medidas cautelares pola reiteración das infraccións que procedan

E recordatorio de deberes legais:

Recordámoslle que de conformidade co disposto na normativa de réxime local e de procedemento administrativo debe contestar expresamente os escritos presentados polo promotor deste expediente de queixa, se non o tivera feito na data en que reciba esta resolución e en xeral, no seu caso, sobre os escritos presentados pola cidadanía

Expediente: C.8.Q/13322/23

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Sra. alcaldesa:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de don XXX, referente ao ruído nocturno dun pazo destinado a eventos no Concello de Tomiño.

ANTECEDENTES

Primeiro: En data do 28/07/2023 o promotor deste expediente formulou queixa ante a Valedora do Pobo, na que se indica na súa literalidade que:

“Ruido altísimo hasta las 5 de la mañana procedente del Pazo O Mosteiro.

Presentamos varias quejas al Concello de Tomiño, la última el pasado lunes, y no se ha hecho nada al respecto (silencio administrativo). Hemos hablado con vecinos y es una situación que han sufrido durante más de 12 años. Nos hemos comprado la casa hace unos tres años. El ruido de música y gente es insoportable sobre todo porque es hasta altas horas de la

madrugada. Se producen los fines de semana sobre todo y es imposible dormir. Entiendo que según la ley el ruido sobre 30 decibelios o así está prohibido. . El Pazo ha estado incumpliendo la ley por más de 12 años. Es para mí inadmisibile.

“Vivo en XXX. Vuelvo a escribir para quejarme del ruido procedente del Pazo de Mosteiro. La última vez que me quejé del ruido fue el sábado 22 de julio de 2023 a través de un envío electrónico en su sitio web. Yo, además, les he reclamado anteriormente por este problema de ruido, incluso en 2022. He llamado a la Guardia Civil por este problema en el pasado y han respondido asistiendo a la propiedad.

Ahora deseo quejarme formalmente de nuevo sobre el ruido del Pazo después de otra noche de violación grave del nivel de ruido.

Ayer domingo 23/07/22 comenzó una boda a las 13:00. Los niveles de ruido aumentaron constantemente durante toda la tarde y continuaron hasta las 02:30 a. m. del lunes 24/07/23 por la mañana. Adjunto a esta queja capturas de pantalla de mi teléfono que muestran los niveles de ruido que se escuchan en el patio de mi jardín. También he adjuntado un video realizado ayer por la noche que muestra los niveles de ruido.

Como saben, es ilegal superar los niveles de ruido establecidos por el estado español. Entiendo tras hablar hoy con "urbanismo" en la oficina del Concello que Tomiño no tiene su propia ordenanza local sobre ruido. Según tengo entendido entonces, el hecho de que Tomiño no haya fijado los niveles de ruido permisibles, (que en cualquier caso no podrían estar en contradicción con la ley estatal española y por lo tanto sólo podrían ser inferiores a los permitidos por el estado), por lo tanto, se aplicará la ley estatal española. La ley estatal española en cuanto a los niveles de ruido permitidos es clara: no más de 30 Db de 23:00 a 07:00 y no más de 35 Db de 07:00 a 23:00.

El ruido procedente del XXX es insufrible. Este fin de semana, aunque no es raro, se han celebrado XXX en XXX los días viernes 21/07/23, sábado 22/07/23 y domingo 23/07/23. El ruido continuó todo el día y hasta bien entrada la noche. El sábado por la mañana, 22/07/23, ¡los altísimos niveles de ruido continuaron hasta las 05:00! Anoche, domingo/lunes (23 y 24/07/23) el ruido de la música excesivamente alto y los gritos de la gente continuaron hasta las 02:30 am.”

SEGUNDO.- A queixa foi admitida a trámite promovendo, dende esta institución, unha investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos en que se baseaba, requirindo o preceptivo informe ao Concello de Tomiño con data do 25/08/2023 (R.S. 14579/23).

TERCEIRO.- Con data do 05/02/2024 (R.E 1277/24), recíbese nesta institución un informe remitido polo ente local no que se fai constar literalmente o seguinte:

“EXPTE: 860/2021

ASUNTO.- RESPOTA Á VALEDORA DO POBO.

En atención ao escrito de queixa tramitado co núm. de expediente XXX de esta institución INFORMO que a actividade que se desenvolve no Pazo Mosteiro conta co preceptivo título habilitante outorgado polo órgano municipal competente.”

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

Primeira: O promotor deste expediente quéixase do ruído nocturno excesivo dun pazo destinado a eventos no Concello de Tomiño. Antes de formular queixa presentara diferentes escritos nese ente local, sen que obtivera resposta malia o tempo transcorrido.

O 28/07/2023 formula queixa e unha vez subsanados os defectos formais, valorada a documentación achegada, o 25 de agosto admítese a trámite solicitando o preceptivo informe a ese concello. Tras sucesivos requirimentos, finalmente seis meses despois recíbese o informe máis arriba transcrito.

No informe incorporado no tempo en que se alongou a tramitación deste expediente non consta que se respondera ao agora promotor desta queixa, malia o tempo transcorrido, o que motivará a formulación dunha resolución da Valedora do Pobo, que máis adiante se concretará.

Segunda: O ente local non aporta argumentos que clarexen o manifestado e documentado polo promotor deste expediente de queixa. Non queda clarexado o relativo ao cumprimento da súa función de garantir o interese público en relación con calquera actividade que poida ocasionar prexuízos ou molestias por contaminación acústica e tampouco se fai constar que se efectuara medición acústica algunha a fin de verificar a eventual inmisión sonora no interior da vivenda afectada.

Mesmo podería valorarse o que sucede no interior da vivenda sen medición, posto que a comprobación subxectiva dos axentes da autoridade podería ser suficiente, e tampouco consta no informe que se fixera.

Terceira: A veciñanza, ten dereitos á intimidade persoal no ámbito domiciliario, ten dereito a un medio ambiente adecuado e á protección da calidade de vida e ten dereito á saúde en relación co descanso.

Tal e como indicamos nos Informes ao Parlamento de Galicia, as comprobacións das transmisións de ruídos ás vivendas deben facerse cando tal cousa se denuncia polas persoas afectadas, é dicir, no preciso intre en que se está a prexudicar con niveis inadecuados de ruídos, cometendo con iso unha infracción administrativa. Esta comprobación debe facerse cando se dea a denuncia, posto que noutro momento non ten sentido.

A necesidade de control tanto das condicións do pazo como de posibles infraccións se deduce da natureza do título habilitante do local en funcionamento, o que obrigaría ao concello a facer unha vixilancia continuada a fin de verificar o correcto funcionamento, neste caso do Pazo Mosteiro.

A través deste instrumento de control continuado protéxese o interese público, facendo compatibles a actividade económica que está a desenvolverse, por unha parte, e a evitación das molestias desproporcionadas, por outra.

O concello debe garantir a ausencia de prexuízos ao longo da vida da actividade que se desenvolve no Pazo Mosteiro. A administración local ten que garantir en todo momento o interese público, principalmente o da veciñanza o que, segundo reiterada xurisprudencia, constitúe unha condición implícita de toda licenza municipal de funcionamento.

A persoa que presentou a queixa e a súa familia están demandando a preservación de dereitos fundamentais, os dereitos á intimidade persoal e familiar (art. 18.1) e á

inviolabilidade do domicilio (art. 18.2), e tamén se reclama a preservación doutros dereitos constitucionais, como a protección da saúde (art. 43.1) e o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2), polo que o cumprimento das obrigas da administración ten que ser rigoroso.

Cuarta: No informe remitido non se proporcionan datos sobre o número de denuncias presentadas pola veciñanza a través de chamadas á Policía Local sobre o Pazo Mosteiro e sería unha información interesante.

Quinta: O artigo 103 da *Constitución Española* sinala que *a Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao dereito*. Así, o marco xurídico vixente configura un sistema de garantías da cidadanía na súa relación coa Administración que descansa sobre mecanismos de participación, cuxa finalidade responde a facer compatible a actuación eficaz da Administración co exercicio destes dereitos.

O artigo 53 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas* regula os *“Dereitos da persoa interesada no procedemento administrativo”*, entre eles: *a) A coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos nos que teñan a condición de interesados (...)*.

En calquera caso a Administración está obrigada a responder á cidadanía que acude a ela debendo ofrecerlle unha resposta por escrito que ademais sexa unha resposta directa, rápida, exacta e legal, fundada en tempo e forma adecuada ao procedemento que corresponda e congruente coas pretensións expresadas, todo elo con prontitude e sen demoras inxustificadas.

Así mesmo, convén lembrar que o artigo 20 da *Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo*, dispón que: O Valedor do Pobo *“velará porque a Administración resolva expresamente, as peticións e recursos que lle foron formulados”*.

No presente expediente, a falta de resposta da administración local aos escritos presentados polo promotor desta queixa xunto coa persistencia da problemática propiciou que transcorrido un amplo período de tempo, se dirixira á institución da Valedora do Pobo solicitando a súa intervención.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar ao Concello de Tomiño a seguinte **suxestión**:

“Que revise con urxencia o funcionamento do Pazo Mosteiro tanto no relativo ao seu horario como nos ruídos que xera, que non deberan permitirse; que intensifique os controis e inspeccións e que se despois de verificados os anteriores aspectos continuaran as molestias por ruídos procedentes dese pazo, cumpra a súa obriga de comprobar tales circunstancias e no seu caso as corrixa, se é preciso coas sancións que correspondan e adoptando as medidas cautelares pola reiteración das infraccións que procedan”

E o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

“Recordámoslle que de conformidade co disposto na normativa de réxime local e de procedemento administrativo o Concello de Tomiño debe contestar expresamente os escritos presentados polo promotor deste expediente de queixa, se non o tivera feito na data en que reciba esta resolución e en xeral, no seu caso, sobre os escritos presentados pola cidadanía”.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nestas resolucións da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación das resolucións formuladas, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditaron estas resolucións, se incluírán na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoa atentamente.



María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo